

## OS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE: UNHA FORMACIÓN AO ESTILO EUROPEO

Dous de cada tres traballadores galegos carecen dunha acreditación oficial que acredite a súa competencia profesional. A cifra é similar á media española. E hai máis. Aproximadamente un de cada tres novos abandona a educación obrigatoria sen acadar o nivel básico de formación, polo que a incorporación destes á vida laboral se realiza dende distintos niveis de cualificación. A isto engádesse o grande número de persoas que cursan ensinanzas en centros non oficiais, ben a través da teleformación ou da autoaprendizaxe, os cales non contan coa acreditación que esixe a normativa vixente.

Neste contexto, a Administración laboral creou os certificados de profesionalidade, co fin de paliar un dos problemas que axexan un grande número de traballadores, como é o feito de que a pesar de ser profesionais cualificados non posuían ata agora ningunha documentación oficial que demostrase a súa competencia.

Ao igual que acontece no resto dos países da Unión Europea, os certificados son acreditacións dirixidas á poboación activa que necesita que se lle recoñeza a súa profesionalidade á hora de exercer unha profesión determinada. Teñen validez en todo o territorio nacional e expídenos o Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos competentes das comunidades. En Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar. Pero non títulos académicos; é dicir, non serven para acceder aos estudos que imparte Educación (ciclos formativos e estudos universitarios). Iso si, poden validarse pola parte correspondente dun Ciclo de Formación Profesional.

Para obtelos existen dúas vías:

- En primeiro lugar, a formación directa, que esixe superar satisfactoriamente un curso programado cos contidos dun certificado de profesionalidade nun centro homologado pola Consellería de Traballo e Benestar. Para estes efectos recoñecerase a formación realizada a través de cursos de Formación para o Emprego, a formación ocupacional do Plan de Formación e Inserción Profesional, así como os programas de Escolas Taller, Casas de Oficios e Talleres de Emprego xestionados pola Administración laboral competente.
- A segunda vía é a que busca acreditar a experiencia profesional e a formación non formal. Para iso, o traballador en cuestión debe superar con éxito un proceso de recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias profesionais. Este proceso regulado polo Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral (*BOE*, 25/08/2009), ten previsto poñerse en marcha en Galicia no presente ano unha vez que a Consellería de Traballo e Benestar publique a convocatoria pertinente.

A nivel galego o órgano encargado de poñer en marcha este tipo de acreditación profesional é o Instituto Galego de Cualificacións, polo que é a el ao que deberán dirixirse as instancias de solicitude relativas aos certificados de profesionalidade.

Para máis información poden consultar as seguintes páxinas web:

- Ministerio de Trabajo e Inmigración

<https://www.redtrabaja.es/es/redtrabaja/static/Redirect.do?page=cf05>

- Consellería de Trabajo e Benestar

[http://trabajo.xunta.es/contenidos/gl/menu\\_transversal/formacion\\_cualificaciones/sec\\_formacion\\_certificados](http://trabajo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/formacion_cualificaciones/sec_formacion_certificados)